

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**CEIP Santo André de Xeve-CEIP Pedro Antonio Cerviño-EEI de Verducido**



**APLICACIÓN DE NORMAS NA CASA**

Na casa é necesario formularse unha serie de normas que os nenos e nenas deben entender e asumir como propias. Dan seguridade e protección: Se se ven máis fortes que os pais, non se poderán sentir protexido por eles. Para iso é necesario manter previamente charlas sosegadas con él ou ela ata que as entenda (podes poñer exemplos, as nenas e nenos comprenden máis do que pensamos. Hai contos que nos poden axudar, pregunta ao profe titor). As normas deben poñerse en positivo (nunca prohibindo ou coa palabra NON). **O incumprimento das normas debe ter SEMPRE unha consecuencia e o neno ou nena debe sabelo.**



Así mesmo son necesarias **tres condicións básicas**:

- 1º. - Que os demais membros da familia estean **de acordo** na súa aplicación e nas consecuencias do incumprimento SEMPRE.
- 2º. - Que prediquen co **exemplo** cumprindo esas normas (irmáns, pais, avós, etc...)
- 3º. - Hai que ter **constancia** na aplicación das normas.

As normas **deben ser poucas e doadas de entender**. Poden colocarse en lugar visible (nuha pizarra, neveira, etc...), ben en texto ou con debuxos ilustrativos. **A xeito de exemplo**, algunhas normas poderían ser:

1. - Debemos respectar aos demais (obedecer a pais e avós, tratar ben aos demais nenos,...)
2. - Debemos falar en voz baixa (berrar ou chorar non fai que nos entendan mellor...)
3. - Debemos manter ordenadas as cousas e axudar nas tarefas de casa.
4. - Debemos pedir as cousas por favor e dar as grazas.

### **¿COMO TRATAR O INCUMPRIMENTO DAS NORMAS?**

O modo máis sinxelo de facelo con nenas e nenos pequenos é por dous métodos:

- a) Perdendo os privilexios
- b) Excluindo de toda actividade durante uns minutos

#### **Perdendo os privilexios**

Consiste en **retirar permisos para facer algo mentres non cumpra a norma**. Todo iso **sen enfadarse**. O neno ou nena debe saber que o incumprimento da norma ten unhas consecuencias. Debe facerse sempre en positivo, E **SEN ENFADARSE** (que é o que pretenden). Por exemplo: "Cando recollas os xogueteos poderás saír ao xardín". "Cando pidas as cousas por favor, como o fago eu, dareiche o que me pides". "Se me berras tanto non che entendo", "respectar aos demais é importante, cando lle pidas perdón ao teu irmán poderás ir ao xardín "...".

#### **Excluindo ao neno ou nena de toda actividade durante uns minutos**

Consiste en **illar por uns minutos ao neno ou nena**, privándoo do contacto físico cos seus pais, dos xogos...

Cando incumpre a norma, débesele chamar a atención con firmeza e suavidade, pero sen mimos. Pode que responda ao aviso cunha rabecha ou que repita a acción e sexa necesario facer unha retirada de atención (xa que o que pretende é precisamente obter a nosa atención).



Entón, o máis aconsellable é levalo a outro cuarto da casa onde permaneza só durante uns minutos sen os seus xogueteos nin ningún outro tipo de diversión.

Nalgúns casos, como o das rabechas, é aconsellable deixalo só ata que se calme ou deixe de chorar. O neno ou nena pode ser recluído nun espazo libre de distraccións, a un cuarto da casa... **O retiro debe ser breve, xeralmente un minuto por ano do neno.**

Se é preciso, pola súa seguridade, un dos pais pode quedar preto pero sen dirixirse a él ou ela. Antes de permitirlle continuar a actividade normal, convén recordarlle a causa de que fose excluído, a norma que non cumpriu e pedirlle que o pense outra vez antes de volver incumprila.

### **OUTRAS CONSIDERACIÓNS**

- ✓ Fomenta e **premia a boa conduta**. Cando cumpre as normas habemos de **felicitalo por cumprilas**. Podemos incluso establecer privilexios si cumple varias veces as normas.
- ✓ **Non cambies as normas ao chou**, que non dependan do teu estado de humor, sé consecuente.
- ✓ **Non riades as “travesuras”** dos rapaces, premiando as “pillérias”. O único que fai é reforzar conductas que logo son difíciles de retirar.
- ✓ Non recorras **nunca ao castigo físico**.
- ✓ **Non lles berremos**. Habitúanse a oírnos berrar, e cada vez hai que berrar máis forte para que lles chame a atención. Nin é bo para eles nin para nós. De pais chillóns, habitualmente, fillos chillóns. Deixemos os berros só para situacións de perigo para o neno ou nena, xa que nese momento se sorprenderá máis e surtirán o efecto desexado (por exemplo, cando toca o lume ou un enchufe, ou cruza a calzada,...).
- ✓ Non recorras **xamais ao insulto** nin ao trato verbal vexatorio. Non lle fales de forma despectiva.
- ✓ Trata o teu fillo ou filla co **respecto** con que che gustaría que che tratasen a tí.
- ✓ É importante que os pais decidan xuntos cáles son as normas e logo sexan coherentes ao aplicarlas **AMBOS OS DOUS**, e demais membros da familia.
- ✓ E non esquezas que **os nenos e nenas aprenden observando aos adultos**, sobre todo aos seus pais. Asegúrate de ser un bo exemplo para o teu fillo ou filla, e así el poderá utilizar o seu comportamento como un bo modelo de rol. Ti exercerás sobre eles un impacto moito maior se predicarás co exemplo, recollendo as túas cousas, en vez de pedirlle que recollan os seus xogueteos mentres ti deixas as túas cousas espaxadas pola sala de estar.
- ✓ **Non critiques aspectos escolares** diante do neno ou nena. Iso non cambia as cousas e o neno ou nena percíbeo e adopta posicións negativas ante o cole. Para facelo é necesario falar cos membros do colexio: titor, director, orientador... e expoñer as queixas.
- ✓ Conseguir unha **lista coas normas da escola**: moitas escolas repártenas a inicio de curso. Se non é así se poden pedir ao titor ou titora, en xefatura de estudos, dirección, etc. Unha vez conseguidas, falemos cos nosos fillos fillas acerca de cómo esperamos que se comporten para poder cumprir as normas. Especificuemos ademais cáles desas normas tamén serán válidas na casa.

